

RESOLUCIÓN SOBRE A COLABORACIÓN DA UNIDADE DE INVESTIGACIÓN EN INTERVENCIÓN E COIDADADO FAMILIAR

ANTECEDENTES

A Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF), servizo de atención familiar e investigación orientado a responder demandas e necesidades socio-sanitarias e psicolóxicas, está formada por un equipo de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña xunto con persoal colaborador e terapeutas da rama das Ciencias da Saúde. A UIICF localízase no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol -CHUF- (antigo Hospital Básico de Defensa), avenida da Residencia, s/n, 15405, Ferrol.

Neste contexto propónse unha colaboración da UIICF á Universidade da Coruña co formato de Proxecto, cuxa denominación é Afrontemos 21.

Afrontemos 21 trátase dun programa de atención psicolóxica sanitaria e clínica para apoiar a resiliencia e o afrontamento positivo durante o curso 2020-2021 de múltiples situacións de crisis psicolóxica, estrés, soidade, ansiedade e outros conflitos de índole psico-social que aparecen ou se complican na “nova normalidade” para a comunidade UDC, ofrecendo apoio ao alumnado, ao profesorado, ao persoal de administración e servizos e ás súas familias.

A atención ten carácter gratuíto, anónima, informada e confidencial, con consentimento libre e voluntario e prestaríase na modalidade on-line ou presencialmente no CHUF, durante os luns de 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:30h e, os mércores e os xoves de 16:00h a 20:30h.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tendo en conta as partes interesadas e as características da programa, non se lle aplicaría ningunha normativa legal específica á colaboración en si mesma.

Non obstante, atendendo o tipo de intervencións, a normativa a ter en conta sería:

1. Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE

De acordo con todo o que se indica, RESOLVO:

Autorizar e dar o visto e praxe a colaboración da Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar no marco do proxecto Afrontemos 21.

Documento asinado dixitalmente

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
María Jesús Movilla Fernández

Código Seguro De Verificación	V4L1bBy/db/QqFS0Zdk0Tw==		
Asinado Por	María Jesús Movilla Fernández - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	13/11/2020 09:27:50
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V4L1bBy/db/QqFS0Zdk0Tw==		
		Páxina	1/1

